

ESTATUTOS DO CLUBE MARIÑO SALNÉS

(modificación íntegra)

CAPÍTULO I

Artigo 1º.

O Clube Mariño Salnés é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Artigo 2º.

O Clube Mariño Salnés practicará como principal modalidade deportiva a de Vela Tradicional, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

O Clube Mariño Salnés practicará así mesmo outras modalidades deportivas vinculadas aos deportes náuticos en embarcacións tradicionais, e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º.

O domicilio Social do Clube Mariño Salnés fíxase na rúa Olmos, nº 5, 1º D, C.P. 36630 poboación San Tomé, concello de Cambados, provincia de Pontevedra, teléfono 659645064, E-Mail cmarinhosalnes@gmail.com.

A/O Presidente/a cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do



domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria. En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Registro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIAS/OS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIÓNNS

Artigo 4º.

O número de socias/os será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos/as socios/as cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións.

Os/As socios/as poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 5º.

1.- Son socias/os de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

2.- Os menores de 18 anos, clasificaranse como socias/os aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios/as de número ó cumpriren a maioría de idade.


3.- Serán socios/as honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

4.- Son socias/os familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun/dunha socio/a de número e convivan con el/ela no mesmo domicilio.

Artigo 6º

1.- As/Os socias/os de número terán os seguintes dereitos:

- Contribuir ó cumplimento dos fins específicos da asociación.



The image shows two handwritten signatures in black ink, each accompanied by a typed name below it. The first signature is on the left and the second is on the right. The names correspond to the ones mentioned in the document: 'J. M. S. G.' and 'A. M. G.'. The signatures are fluid and unique to each individual.



b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido no presente Estatuto.

c) Separarse libremente da Asociación.

d) Coñecelas actividades da Asociación e examinala súa documentación, previa petición razonada ó/á Presidente/a.

e) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.

f) Ser elector/a i elixible para os órganos de representación e governo da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios/as de número:

a) Aboalaras cotas que esixa a Asemblea Xeral.

b) Contribuir ó sostento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.

c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidenta/e, para o bo governo da sociedade.

3.- Os/As socios/as aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os/As familiares dos socios/as de número terán dereito a aproveitarse daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

Artigo 7º.

Para ser admitido como socio/a, en calquera das súas modalidades, será necesario:

Tela idade sinalada para cada unha delas.

Solicitude oral ou por escrito dirixida a/o Presidenta/e.



- Satisfacela cota de ingreso correspondente.

Artigo 8º.

A condición de socio/a pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cotas sociais durante dous anos consecutivos, previo requerimento de pago, e consecuente Resolución do/da Presidente/a.
- Por acordo do/da presidente/a no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira asemblea xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

CAPITULO III

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBIERNO

Artigo 9º

Son Órganos de representación e governo do Clube a Asemblea Xeral e a/o Presidenta/e.

Artigo 10º

O/A Presidente/a é o órgano executivo do Clube, posúe a representación legal, convoca e preside os órganos de representación e governo executando os acordos destes coa facultade de delegar.

O cargo de Presidente/a é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta.



Será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11º

O/A Presidente/a cesará por:

- a) Transcorrelo prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentencia xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 12º

1.- Como órgano complementario de goberno e representación poderá haber unha xunta directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do Clube, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.

2.- Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados mediante maioría simple decidido en asamblea xeral. Da mesma formará parte un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un/unha tesoureiro/a.

Tódolos cargos serán gratuitos e carecen de interese nos resultados económicos do Clube por si mesmos ou persoa interposta.

Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso da/o Presidenta/e.



2.- A Xunta Directiva convocarase pola/o Presidenta/e con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración. A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

3.- En especial corresponde á Xunta Directiva:

- a) Dirixir a xestión do Clube, velado polo cumprimento do seu obxecto social.
- b) Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea.
- c) Aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Clube.

Artigo 14º

O/A Secretario/a da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de socios/as e o Libro de Actas.


Artigo 15º

1.- A/O Tesoureira/o da Xunta Directiva será a/o depositaria/o da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do/a Tesoureira/o formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos/as asociados/as.

Artigo 16º

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno do Clube e estará integrada por tódolos/as seus socios/as de número.



2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioria dos seus asociados/as. En segunda e última convocatoria media hora más tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderá transcorrer máis de 20.


Artigo 17º

A Asemblea Xeral convocarase pola/o Presidenta/e a iniciativa propia ou doutra/o socia/o apoiado polo vintecinco por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario, previa convocatoria da/o Presidenta/e, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presupuesto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas da/o Presidenta/e ou da Xunta Directiva.
- d) Proposicións que formulen os/as socios/as e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do/a Presidente/a, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmóbiles e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo/a Presidente/a ou proceda legalmente.



Artigo 18º

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioria simple dos presentes, requeríndose unha maioria cualificada e un quorum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os estatutos. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

CAPITULO IV

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 19º


O réxime documental do Club, constará dos seguintes libros: Rexistru de Socios/as, de Actas e Contables.

Artigo 20º

No libro de Rexistru de Socios/as, terán de constalos nomes e apelidos dos socios/as de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Clube. Tamén hanse especcialas datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 21º

No libro de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo/a Presidente/a e Secretario/a.



Artigo 22º

Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obligacións, e ingresos e gastos do Clube, debéndose precisala procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23º

Os órganos e socias/os do Clube estarán sometidas/os ó regulamento disciplinario do Clube e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24º

Así mesmo a/o Presidenta/e e os membros da Xunta Directiva responderán fronte as/os socias/os, o Clube ou terceiros/as dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou neglixencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

CAPITULO V

RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 25º

1.- No momento da modificación dos Estatutos do Clube Mariño Salnés, o patrimonio é de dúas embarcacións tradicionais (dorna de tope e dorna polbeira) e un remolque, e non dispón de instalacións e locais propios, tendo en cesión o local Departamento de Usuarios, nº 57, no Porto de Tragobe.

2.- No futuro o patrimonio do Club estará integrado por:



- a) As aportacións económicas dos socios/as, que aprobe a Asemblea Xeral.
- b) As doazóns e subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que pode producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do Clube o ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ó cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 26º

O Clube poderá gravar e allear bens, móveis e inmóveis, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpla os seguintes requisitos:

- 1.- Que se autoricen tales operacións por maioria de dous terzos dos socios/as presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
- 2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se podrá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios/as de número, o oportuno ditame económico actuarial.
- 3.- Cando se trate de gravar ou allear bens, móveis e inmóveis que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 27º

O Clube poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, que serán nominativos. Os títulos inscribiranse nun libro que levará ó efecto o Clube, no que se anotarán as sucesivas transferencias. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu



The image shows two handwritten signatures in black ink. To the left is a signature that appears to read "J. M. G." or "J. M. González". To the right is another signature that appears to read "L. F." or "Luis F.". Both signatures are written in a cursive style.



caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28º

Os títulos de débeda só se poderán subscribir polos/as asociados/as, e a súa posesión non conferirá dereito algúns especial ós/ás socios/as, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º

Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos/as asociados/as. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos únicamente entre os/as que teñan a condición de socios/as.


CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUBE

Artigo 31º

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro Entidades Deportivas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.



Artigo 32º

O Clube extinguirse ou disolverase por acordo de:

- a) Dos dous tercios dos socios e socias en Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto
- b) Por sentenza xudicial
- c) Por outras causas legalmente determinadas

En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Entidades Deportivas.

Artigo 33º

Disolto o Clube, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asamblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

